

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 31 DE MAIO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e construción: Reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes para o cumprimento da central térmica, da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais, de clave: AC/16/248.01, no Concello das Pontes de García Rodríguez.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela o profesor doutor Antonio López Díaz.
- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Manuel Joaquín Reigosa Roger.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a Manuel Rodríguez Vázquez

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I+D+i, por importe de catrocentos mil euros (400.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento de programas de I+D+i Biosanitario, por importe de trescentos vinte e catro mil euros (324.000 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir a Fundación Biomédica Galicia Sur, de acordo co artigo 67º.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e a conta establecidos no contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i Biosanitario, por importe de cento corenta e catro mil euros (144.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I+D+i Biosanitario, por importe de catrocentos dous mil euros (402.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por importe dun millón oitocentos setenta e dous mil euros (1.872.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I+D+I Biosanitario.
- Informe sobre o contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Español de Oceanografía (IEO) para o desenvolvemento de programas de I+D+I nos centros oceanográficos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre os resultados acadados nas axudas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) no exercicio do ano 2018.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o plan de dotación de tractores aos concellos no ano 2018.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A COMISIÓN GALEGA DE CONTROL DA VIOLENCIA QUE ESTARÁ PLENAMENTE OPERATIVA NA TEMPADA 2018-2019

- ***A Comisión Galega de Control da Violencia dará cobertura e resposta as denuncias e adoptará decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local***

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia. Deste xeito, finaliza o trámite administrativo para a creación da devandita Comisión que fora presentada o pasado 12 de xuño na Escola Galega de Administración Pública.

A creación da Comisión Galega de Control da Violencia vén recollida na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, pero no momento actual a Xunta ten acoutadas as competencias da prevención e represión da violencia no deporte que recaen na Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte do Consello Superior de Deportes, debido á modificación introducida pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A Xunta de Galicia colabora e traballa de xeito conxunto co CSD para mellorar o estado do deporte a nivel autonómico e estatal e ademais, representantes da Xunta participan en encontros de traballo regulares na Delegación do Goberno para garantir a seguridade nos espectáculos deportivos que teñen lugar na nosa Comunidade.

A regulación contida no decreto busca dar cobertura e resposta ás denuncias e adoptar decisións derivadas de incidentes con ocasión da práctica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, toda vez que a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal. Coa regulación da Comisión, e dentro do respecto ás competencias estatais en materia de orde pública e de seguridade, contarase cunha ferramenta moi útil na erradicación das condutas antideportivas.

No momento actual, o Comité Galego de Xustiza Deportiva pode actuar ante un incidente violento sempre que se produza unha denuncia, en vía de recurso ou apelación, dentro do exercicio da potestade disciplinaria deportiva. Coa nova Comisión Galega de Control da Violencia, poderíase actuar directamente e non só en vía de revisión de decisións federativas en temas de violencia.

Estrutura e contido

O decreto que rexerá a Comisión Galega de Control da Violencia estrutúrase en tres capítulos (disposicións xerais, funcións e composición e procedemento sancionador) e 31 artigos cunha disposición adicional única, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

A Comisión Galega de Control da Violencia é un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no ámbito da prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia estando adscrita ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

En canto á súa composición, esta comisión estará integrada po unha presidencia (secretaria xeral para o Deporte), unha vicepresidencia (designada pola secretaria xeral para o Deporte) e 15 vogalías: dúas persoas en representación do órgano competente en materia de emerxencias e interior e do órgano competente en materia de educación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; as persoas que ocupen o posto de xefatura de servizo de deportes nas xefaturas territoriais; dúas persoas que teñan ou tiveran a condición de colexiadas ou xuízas deportivas; dúas persoas en representación das federacións deportivas galegas (unha da federación deportiva galega que teña máis licenzas e outra a proposta das federacións); dúas persoas que teñan ou tivesen a condición de deportistas federadas; dúas persoas expertas no ámbito de competencias da comisión, designadas polas facultades galegas dedicadas ao deporte e unha persoa en representación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia. Tamén contará cun secretario ou secretaria que terá a condición de empregada pública ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma e asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto.

As funcións que se lle atribúen á Comisión Galega de Control da Violencia serán:

A instrución e resolución dos expedientes sancionadores pola comisión das infraccións recollidas nos artigos 157, 158 e 159 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, con ocasión de competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, sen que en ningún caso se refiran a materias cuxo exercicio competencial se atribúe á Administración xeral do Estado en materia de seguridade, protección de persoas e bens e mantemento da orde pública

Formular peticións razoadas de incoación de expedientes sancionadores en materia de violencia ao Comité Galego de Xustiza Deportiva e ás autoridades públicas competentes para tal incoación.

Elaborar informes e estudos sobre as causas e os efectos da violencia no deporte.

Recoller e publicar anualmente os datos sobre violencia nas competicións deportivas realizadas en Galicia e realizar unha memoria anual.

Elaborar e difundir programas de prevención e loita contra a violencia no deporte.

Proporcionar ás entidades deportivas galegas e ás persoas organizadoras de competicións deportivas, os datos e os consellos que poidan facilitar a prevención da violencia.

—

Informar preceptivamente os anteproxectos de leis e proxectos de disposicións regulamentarias de iniciativa autonómica referentes a espectáculos e competicións deportivas, disciplina deportiva e instalacións deportivas.

Recomendar ás entidades deportivas galegas a adecuar as súas normas de funcionamento interno coa finalidade de ter en conta no seu réxime disciplinario o incumprimento das normas relativas á violencia deportiva.

Establecer mecanismos de colaboración e de cooperación coas comunidades autónomas, o Estado e a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte en materia de violencia no deporte, e especificamente cos órganos que con similares finalidades que a citada Comisión Estatal existan nas Comunidades Autónomas.

Dar traslado ao Ministerio Fiscal daquelas situacións que puideran ser constitutivas de delito.

Tras os informes favorables do CSD, da Asesoría Xurídica Xeral e do Consello Consultivo de Galicia, con esta aprobación por parte do Consello da Xunta, a idea é que antes do verán a Comisión Galega de Control da Violencia estea en pleno funcionamento para que poida ser unha realidade na tempada 2018-2019.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A SITUACIÓN DE EMERXENCIA POLA EXPLOSIÓN DA PIROTÉCNICA DE TUI E CONCEDERÁ AXUDAS DIRECTAS PARA AS FAMILIAS QUE PERDERON AS SÚAS VIVENDAS

- *O alcance dos danos producidos pola explosión acredita que a situación é unha emerxencia que esixe a adopción por parte das distintas administracións públicas de medidas extraordinarias*
- *O Goberno galego proporcionará axudas directas ás persoas que perderon a totalidade da súa vivenda, con contías de ata os 110.000 euros para inmobles habituais e 44.000 euros para ocasionais*
- *A estas achegas engádese a reposición do enxoval doméstico coa achega dun 15 % do valor para as casas habituais e o 5 % para as ocasionais*
- *Esta subvención tamén poderá empregarse para mercar un inmovble noutro lugar, se así o considera o titular*
- *Os beneficiarios non deberán de presentar máis que un título de propiedade e o Concello de Tui acreditará que se trata de afectados pola explosión*
- *Tamén se activarán subvencións para afrontar a rehabilitación dos inmobles, sexa de maior ou menor entidade a reparación, con achegas de ata o 100% do valor de reparación para vivenda habitual e ata o 40% para ocasional*
- *En relación ao realoxo provisional das familias que non poden permanecer nos seus fogares, activaranse axudas ao alugueiro, con 450 euros ao mes durante 2 anos, e 600 euros adicionais para a alta do alugueiro, as subministracións e a fianza*
- *O decreto recolle subvencións para garantir a mobilidade provisional a través de vehículos de alugueiro*
- *A Xunta tamén habilita as consellerías correspondentes para proporcionar axudas para a reposición de explotacións agrícolas e gandeiras ou para compensar os danos en establecementos comerciais ou turísticos*
- *O Executivo autonómico estableceu un punto de atención aos afectados en Guillarei para facilitar o asesoramento de técnicos de urbanismo, traballadores sociais ou de persoal do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados pola explosión de material pirotécnico producida o pasado 23 de maio en Tui e concederá axudas directas ás familias que perderon as súas vivendas.

O alcance dos danos producidos pola explosión acredita que a situación é unha emerxencia que esixe a adopción por parte das distintas administracións públicas de medidas extraordinarias xustificadas polo interese público, social e humanitario derivado das excepcionais circunstancias.

Sobre a base deste Decreto, a Xunta concederá axudas para facilitar a reconstrución da vida das persoas que perderon por completo o seu fogar a consecuencia da explosión pirotécnica ou teñen a súa vivenda danada.

As axudas serán, en virtude do Decreto aprobado hoxe, áxiles e directas, evitarán que os afectados por danos nas súas vivendas teñan que adiantar cartos e esixirán a mínima documentación posible.

Serán axudas con carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados.

As familias afectadas pola perda total da súa vivenda poderán acceder a axudas directas, sen necesidade de valoración dos danos, por un importe equivalente ao 75% do custo dunha vivenda protexida, é dicir de ata 110.000 euros en caso de vivenda habitual e de 44.000 euros para vivendas ocasionais. A isto haberá que engadir unha porcentaxe en concepto de enxoval doméstico que será do 15% no caso de vivenda habitual e do 5% en vivenda ocasional.

Os solicitantes non terán que achegar máis que o título de propiedade da vivenda, mentres que o Concello de Tui acreditará que se trata dunha familia afectada pola explosión. A cantidade que vai achegar a Xunta poderá servir para comprar vivenda noutro lugar.

Nestes casos, os afectados deberán ceder as súas accións legais á Xunta de Galicia para que o goberno galego poida repercutir á aseguradora directamente ou, no caso de inexistencia de seguros, contra o propio causante do dano.

O Executivo autonómico tamén activará subvencións para afrontar a rehabilitación dos inmobles, sexa de maior ou menor entidade a reparación. As achegas poderán acadar o 100% do valor de reparación cando se trate da vivenda habitual e ata o 40% para ocasional.

Neses casos tamén o Concello de Tui acreditará que se trata de persoas afectadas pola explosión e estas deberán achegar o título de propiedade e unha memoria valorada dos danos..

Ademais, concederanse axudas ao realoxo provisional das familias que non poden permanecer nos seus fogares por mor dos prexuízos causados, habilitarase unha orde de axudas ao alugueiro, con 450 euros ao mes, durante un prazo de 2 anos e 600 euros adicionais para facer fronte aos gastos de alta do alugueiro, subministracións e fianza.

Para acceder ao alugueiro, unicamente será preciso contar co certificado do concello que indica a afección e o novo contrato de alugueiro.

—

Este decreto tamén recolle como novidade o financiamento tamén da mobilidade temporal dos afectados que quedaran sen vehículo como consecuencia da explosión. Así, estas persoas poderán acollerse a axudas para o alugueiro provisional de automóviles.

O decreto de emerxencia aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ademais das citadas liñas en materia de vivenda, autorizará a outras consellerías para proporcionar as subvencións necesarias para paliar efectos noutros eidos.

O Goberno galego estableceu un punto de atención aos afectados en Guillarei, próximo ao núcleo no que tivo lugar a explosión, co fin de facilitar o asesoramento necesario. Nesta oficina xa están traballando técnicos de urbanismo, traballadores sociais e persoal do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Ademais, os peritos postos á disposición pola Xunta, efectúan traballos de valoración dos danos, de asesoramento ás autoridades e de asistencia técnica para as actuacións de reparación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA CIRCUNVALACIÓN DAS PONTES

- ***A reordeación da rede viaria da vila, custeada na súa totalidade por Endesa, é necesaria para que a central térmica cumpra coas exixencias da UE sobre emisión industriais***
- ***O orzamento estimado para as expropiacións é de máis de 251.000 euros, e o investimento base de licitación das obras ascende a 3,54 millóns de euros***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará nas vindeiras semanas a obra***
- ***Esta nova vía de acceso ao núcleo do municipio coruñés servirá como circunvalación ao núcleo urbano, separando a área industrial da residencial, e mantendo ao tempo a conexión existente coa autovía Ferrol-Vilalba***
- ***A adaptación da Central Térmica de Carbón á Directiva 2010/75/UE permitirá prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade máis alá do ano 2020***

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para a reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes de García Rodríguez, necesario para que a central térmica de Endesa se adapte e cumpra coas exixencias da Unión Europa sobre emisións industriais.

A declaración de utilidade pública aprobada hoxe polo Goberno galego comprende a expropiación de 11 predios, indispensables para a construción dunha vía alternativa ao actual trazado da estrada AC-861 e dunha rede de sendas para facilitar a mobilidade non motorizada.

O orzamento estimado para as expropiacións é de máis de 251.000 euros, e o investimento base de licitación das obras ascende a 3,54 millóns de euros. O custo total da actuación será asumido na súa totalidade por *Endesa Generación S.A.*, correspondendo á Consellería de Infraestruturas e Vivenda supervisar o trazado e a contratación das obras, que ten previsto licitar nas vindeiras semanas.

En concreto, a intervención ten por obxecto acometer a reordenación do sistema viario neste municipio coruñés, executando un novo vial de acceso ao núcleo que sirva como circunvalación ao núcleo urbano das Pontes de García Rodríguez, separando a área industrial da residencial, e mantendo, ao mesmo tempo, a conexión existente coa autovía Ferrol - Vilalba (AG-64).

A nova estrada servirá de alternativa á actual AC-861, terá 985 m de lonxitude, e comunicará a AC-101 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón.

O vial contará con 3 glorietsas, unha en cada extremo e outra intermedia como intersección coa rúa Areosa e a rúa de Acceso á Fábrica. Ademais, reordenarase outra intersección existente coa AC-101.

A actuación complementábase cunha rede de sendas de máis de 2,4 km de lonxitude para facilitar a mobilidade peonil e ciclista, que se executará en paralelo ao novo vial e, tamén, en paralelo ao río Eume, polas dúas marxes do río, para conectar o novo vial e a AC-101 coas instalacións de Endesa.

Nesta intervención inclúese ademais, a construción dun aparcadoiro disuasorio no contorno da Casa da Enerxía, na Avenida Alcalde Vilaboy, a remodelación do tramo inicial das rúas Areosa e Irmáns Tojeiro, e a reordenación da sección da ponte sobre o Eume da AC-861 (vía que quedará como entrada exclusiva á central térmica) para dar cabida á senda.

Antecedentes

Lembrar que para adaptar a Central Térmica de Carbón das Pontes aos requirimentos da Directiva 2010/75/UE, sobre emisións industriais, *Endesa Generación S.A.* debe executar instalacións de desnitrificación e desulfuración, que permitan prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade máis alá do ano 2020.

A explotación destas instalacións require o uso por parte da empresa dos terreos polos que discorre a estrada autonómica AC-861, entre o punto quilométrico 26+670 (intersección AC-861 coa rúa Blanco Amor, excluindo a rotonda) e o 27+550 (intersección da AC-861 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón, excluindo a rotonda).

Este tramo está situado entre a Central Térmica e o río Eume, e o Ciclo Combinado de Gas, moi próximo ás instalacións da infraestrutura eléctrica e que rexistra un tráfico orixinado principalmente polos accesos á propia central e como conexión coa autovía Ferrol-Vilalba.

O Goberno galego, que apoia o investimento que realiza Endesa na Central das Pontes, para posibilitar a reordenación do sistema viario no municipio coruñés, asinou un convenio de colaboración, a través das consellerías de Infraestruturas e Vivenda e a de Facenda, con *Endesa Generación, S.A.* Mediante o convenio a empresa comprometeuse a asumir o custo das obras e a Xunta a impulsar a actuación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOMEAMENTOS DE ANTONIO LÓPEZ E MANUEL REIGOSA COMO NOVO REITORES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE VIGO, RESPECTIVAMENTE

- ***Foron elixidos pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 23 de abril***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Antonio Lopez Díaz como reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela e do profesor doutor Manuel Joaquín Reigosa Roger como reitor magnífico da Universidade de Vigo. Este nomeamento prodúcese despois de que fosen elixidos nas eleccións ao Reitorado das respectivas universidades o pasado 23 de abril.

Antonio López (Barreiros, 1964) é doutor en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de Dereito Financeiro e Tributario. Ademais da súa carreira docente e investigadora, ten desempeñado diferentes traballos no eido da xestión, como o de director do Departamento de Dereito Público Especial, secretario da Comisión de Doutoramento, vicerreitor de Coordinación do Campus de Compostela e Vicerreitor de Xestión de Infraestruturas (1998-2002) e decano da Facultade de Dereito (2005-2007). Así mesmo, foi membro do Consello de Contas (2007-2013) e conselleiro maior deste organismo (2007-2010).

Manuel Joaquín Reigosa Roger (Vigo, 1958) é licenciado en Bioloxía e en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático da Universidade de Vigo desde a súa creación en 1990. Entre outros postos no ámbito da xestión, foi dúas veces decano da antiga Facultade de Ciencias da UVigo, director da Oficina de I+D, vicerreitor de Investigación, secretario do Colexio Universitario de Vigo, adxunto ao vicerreitor de Investigación e director do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA A MANUEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión semanal o nomeamento de Manuel Rodríguez Vázquez como director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural.

Manuel Rodríguez era ata o de agora xefe territorial da Consellería do Medio Rural na provincia da Coruña. Titulado en Enxeñería Técnica en explotacións agropecuarias, pertence ao corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, na escala de enxeñeiros técnicos agrícolas.

Comezou a desempeñar o seu traballo na Administración autonómica no ano 2001 na antiga Dirección Xeral de Infraestruturas e Estruturas Agrarias, na localidade de Santiago de Compostela. Dende o ano 2004 ata o 2010 exerceu coma xefe de Sección C na mesma dirección xeral, pasando posteriormente ao Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias da Coruña coma xefe de Sección de Concentración e Obras.

A principios do ano 2012 asumiu a xefatura do devandito Servizo provincial ata finais do ano 2015 en que pasou a desempeñar os labores propios do posto de xefe territorial da Consellería do Medio Rural da provincia da Coruña ata a actualidade.

A Agacal será o instrumento básico de actuación da Xunta en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade, así como de potenciación da calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario.

Agrúpanse así, nunha única axencia, todas as competencias relacionadas coa aplicación do I+D+i ao agro, así como as relativas á formación, de maneira que todos os centros formativos da Consellería do Medio Rural dependerán directamente da Agacal, que estará presidida pola conselleira e contará cun director, con rango de director xeral.

A XUNTA CONSOLIDA O SEU COMPROMISO COS CENTROS DE COÑECEMENTO GALEGOS CON 3,2M€ PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE E A CAPTACIÓN DE TALENTO

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará 1,87 millóns de euros para a consolidación e estruturación de 8 centros tecnolóxicos e 1,34 millóns para a sinatura de contratos programa coas fundacións sanitarias galegas e os centros do Instituto Español de Oceanografía e do CSIC***
- ***O obxectivo é potenciar as liñas estratéxicas de investigación dos centros para promover a excelencia científico-técnica***
- ***Con esta nova convocatoria o Goberno galego leva destinado, desde a súa posta en marcha, preto de 30 millóns de euros aos contratos programa, unha iniciativa que vincula o financiamento público aos resultados obtidos por cada centro en transferencia de coñecemento ou captación de fondos competitivos***
- ***A iniciativa favoreceu a creación de 522 postos de traballo cualificado nos últimos 5 anos e están previstos outros 92 en 2018***
- ***Os contratos programa súmanse a outras liñas destinadas aos centros tecnolóxicos e de investigación como a deseñada para a adquisición de infraestruturas que vén de resolverse coa aprobación de 11 proxectos que mobilizarán 9,8 millóns de euros***

A Xunta de Galicia dá un novo paso no seu compromiso cos centros de coñecemento galegos co anuncio dunha nova convocatoria de axudas, que se activará na primeira quincena de xuño, e que destinará 3,2 millóns de euros para mellorar a competitividade destas infraestruturas e favorecer a captación de talento.

En concreto, son 1,87 millóns de euros para a convocatoria de apoios para a consolidación e estruturación de centros tecnolóxicos, á que poden concorrer os oito que existen en Galicia e que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad: Aimen, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), Anfaco-Cecopesca, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), EnergyLab, Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim) e o Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua).

A Xunta tamén aproba 1,34 millóns de euros para contratos programa coas fundacións de investigación sanitaria de Galicia -Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), Fundación Biomédica Galicia Sur e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica- e cos centros galegos de investigación do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

O obxectivo é incentivar a transferencia de resultados de investigación, de coñecemento e de capacidades tecnolóxicas ao mercado; apoiar a captación e retención de talento

—

promovendo, tamén, a capacitación das persoas; impulsar a colaboración co tecido industrial para ter un verdadeiro impacto na competitividade das empresas galegas; así como axudar aos centros a orientar a súa estratexia a medio prazo e potenciar as principais liñas de investigación. Ademais, está previsto que estas axudas xeren un emprego inducido de 92 postos de traballo.

Os contratos programa son, por tanto, unha fórmula que garante a competitividade destes centros a través dun financiamento estable e implican o cumprimento de esixentes indicadores de xestión e de resultados por parte de cada centro para determinar as súas dotacións.

Con esta nova convocatoria, e desde a súa posta en marcha, en 2009, a Xunta terá apoiado a estes centros con preto de 30 millóns de euros, o que ten permitido fortalecer a capacidade do sistema galego de I+D+i e o crecemento da economía galega. Ademais, nos últimos cinco anos, favoreceu un emprego inducido de 522 postos de traballo.

Estas axudas enmárcanse na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) co obxectivo de captar financiamento, apoiar o talento galego e impulsar a transferencia de resultados da investigación ao mercado. Súmase a outras iniciativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria que teñen como destinatarios principais os centros tecnolóxicos e de investigación e innovación.

Así, a Xunta vén de resolver os apoios para a adquisición de infraestruturas de alta calidade nestes centros coa aprobación dun total de 11 proxectos en 5 centros tecnolóxicos

(4 proxectos de Aimen –un deles a través dun plan de explotación conxunto con Gradient–, 4 de CTAG, un de Anfaco, un de Cetim e un de ITG) con máis de 4 millóns de euros que mobilizarán 9,8. Conecta Peme e as Unidades Mixtras de Investigación son outras iniciativas que están deseñadas para unha activa participación destes centros.

A XUNTA APOIA CON 7,6 MILLÓNS A CONTRATACIÓN DE 895 PERCEPTORES DA RISGA EN 191 CONCELLOS GALEGOS

- ***Terán preferencia as persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as que teñan cargas familiares e os maiores de 45 anos***
- ***O importe medio da axuda concedida por traballador é de 8750 euros***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria inviste este ano preto de 60M€ para apoiar a contratación nas administracións locais de Galicia***
- ***A iniciativa forman parte da Axenda 20 coa que o Goberno galego está impulsando a mellora do mercado de traballo***

O Goberno galego apoiará en 191 concellos galegos a contratación de 895 perceptores da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA). Para iso, investirá ao redor de 7,6 millóns de euros. O Consello da Xunta informa hoxe da resolución destas axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixidas a concellos ou agrupacións de concellos coas que, ademais de promover a contratación na Administración local, búscase incrementar as oportunidades laborais das persoas en risco de exclusión social.

O importe medio da axuda concedida por traballador é de 8747 euros, case un 4% máis que o ano pasado. Na contratación terán preferencia, ao igual que nas últimas dúas edicións deste programa, aquelas persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.

Con independencia da duración do contrato, o período que financiará a Xunta con estes apoios será de sete meses. A contía que se conceda será a equivalente ao necesario para sufragar os custes salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo o convenio colectivo vixente. Para a resolución das axudas tívoise en conta o número de desempregados, a evolución do paro entre 2013 e 2017 de cada localidade e da poboación neste período e o número de perceptores da Risga a peche do ano pasado.

A iniciativa enmárcase na aposta da Xunta polo emprego inclusivo, un eido que está impulsando a través de diversos programas, como as axudas para apoiar con preto de 400.000 euros a contratación de 56 persoas en risco de exclusión social en 11 empresas de inserción laboral.

A Administración autonómica, ademais de mellorar a empregabilidade e inserción laboral dos galegos e galegas que máis o precisan, fomenta a contratación nos concellos galegos. Así, a Consellería de Economía, Emprego e Industria está a investir este ano preto de 60 millóns de euros para impulsar o emprego na Administración local a través de programas como o Aprod Rural, os apoios para a contratación de socorristas, os obradoiros duais e os específicos para a mocidade e os programas integrados de emprego.

—

A actuación tamén forma parte da Axenda 20 coa que a Xunta busca fomentar a calidade no mercado de traballo e coa que se está contribuíndo á redución do paro en Galicia e á creación de emprego.

MEDIO RURAL SUBVENCIONARÁ OUTROS 35 TRACTORES PARA QUE OS CONCELLOS POIDAN REALIZAR LABORES DE ROZA

- ***A Consellería do Medio Rural achega outros 3,2 millóns de euros para colaborar cos gobernos locais no exercicio das súas competencias***
- ***Súmanse aos outros 35 tractores entregados xa no 2017, dando así servizo a un total de 81 concellos***

O Consello da Xunta vén de avaliar un informe no que se dá conta da colaboración que este ano volverá ter a Consellería do Medio Rural cos concellos galegos para facilitar os traballos de limpeza no seu ámbito competencial. Así, este departamento achegará no 2018 outros 3,2 millóns de euros para a subvención ou compra de 35 tractores con rozadora para dar servizo aos concellos galegos.

No 2017 foron subvencionados outros 35 tractores, polo que, en total, serán 70 as maquinarias subvencionadas que prestarán servizo a un total de 81 entidades locais. Poderán así executar e manter máis facilmente a limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, predios e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

Neste exercicio haberá tres clases de colaboración, dunha banda, a través da subvención da adquisición dun vehículo tractor e dous apeiros de roza cun orzamento de 85.000 euros para cada concello que cumpra os requisitos establecidos. Asinaranse 19 convenios baixo esta modalidade.

Doutra banda, e dado que non todos os concellos podían optar a estas axudas por non cumprir coas condicións, incorpórase unha segunda vía de colaboración a través das xefaturas territoriais. Serán elas as que cheguen a acordos de colaboración cos concellos para o uso desta maquinaria, que manterán a propiedade da Consellería do Medio Rural. En concreto, as xefaturas da provincia da Coruña e Lugo recibirán tres tractores cada unha, cinco a de Ourense e catro a de Pontevedra.

Ademais, haberá un caso particular no que se contará coa colaboración da Deputación de Ourense, que achegará 30.000 euros para adquisición dun tractor destinado ao concello de Larouco. A consellería financiará os 46.000 euros restantes.

A través destas colaboracións a Xunta facilita aínda máis aos concellos o cumprimento das súas obrigas en canto a execución das rozas e o mantemento das vías municipais. A esta medida hai que sumar os tradicionais convenios de colaboración para a prevención e defensa contra os incendios forestais polo que as entidades locais poden subvencionar as rozas, dispor de motobombas e brigadas municipais; e o novo acordo coa Fegamp no que Medio Rural investirá 6 millóns de euros neste 2018 para subvencionar o 100% do convenio.